

AVÓS

Texto de **CHEMA HERAS**

Ilustracións de **ROSA OSUNA**

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €.

PREMIO LLIBRETER - 2003

SELECCIÓN LOS MEJORES (Banco del Libro de Venezuela) - 2004

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) - 2003

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

PROGRAMA NATI PER LEGGERE (Italia)

Avós (galego)

ISBN 978-84-8464-533-7. Demademora.

Abuelos (castelán)

ISBN 978-84-8464-513-9. Obras de autor. Primeros lectores.

Avis (catalán)

ISBN 978-84-8464-925-0. Obres d'autor. Primers lectors.

Amama eta aitita (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-087-4. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

Avós (portugués)

ISBN 978-972-8781-75-0. Obras de autor. Primeiros leitores.

Nonni (italiano)

ISBN 978-88-95933-26-9. Gli albi d'autore. Primi lettori.

...A avoa sorriu e foise mirar no espello:


- Non. Eu son fea coma unha galiña sen plumas,- dixo ela,
prendendo a margarida no pelo.

- Non digas iso, muller! Ti es feitiña coma o sol.

E fai o favor de apurar, que temos que ir bailar!

Chema Heras relata en “Avós” a tenra historia de dous velliños, Manuel e Manuela, que aceptan con naturalidade as marcas do paso dos anos. Manuela é coqueta coma unha rapariga e a Manuel encántalle bailar con ela. A través dunha estrutura acumulativa e dun texto poético, con “Avós” aprendemos a atopar a beleza a través dos ollos do amor. Amósanos todo o agarimo que pode existir cando o corpo murcha e descúbrenos as vantaxes de vivir cun sorriso nos beizos.

As ilustracións de Rosa Osuna destacan, a través da acuarela, o sentido lírico do texto, cun estilo sinxelo e expresivo de cores suaves que suxiren e insinúan a dozura propia dos personaxes. Un álbum para nenos -sobre anciáns- que non ten idade, galardoado co Premio Llibreter 2003, concedido polo Gremio de Libreiros de Cataluña. Tamén figura na lista *Os Mellhores de 2004* do Banco do Libro de Venezuela, entre outras distincións, e foi traducida a varias linguas.



■ **Temática:** o paso do tempo nas persoas, a idade, a vitalidade.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** texto poético, ilustracións feitas con acuarela; gañadora do Premio Llibreter 2003, recomendado polo Banco do Libro de Venezuela; homenaxe aos anciáns, asumir o paso dos anos con naturalidade; do autor de “[Cando Martiño tivo ganas de mexar na Noite de Reis](#)” (Kalandraka); da ilustradora de “[Non é fácil, pequeno esquío!](#)”, “[O fío](#)”, “[Un agasallo diferente](#)” e “[O osiño Chispa](#)” (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/avos-g>

Chema Heras

(Ávila, 1957)

Foi profesor de inglés nun centro escolar de Ribadumia e realiza traballos de tradución e colaboración editorial no eido da literatura infantil-xuvenil. Editou o poemario “Nido de amor e cuna” (1982) e, no plano educativo, a colección de contos “Bulebule” para ler e escribir. Durante a súa estadía en Australia escribiu e adaptou varios libros editados polo Departamento de Educación de Nova Gales do Sur. Entre as súas publicacións tamén figura “A fuxida dos nenos” (Sotelo Blanco, 1990). Tamén é autor de “Cando Martiño tivo ganas de mexar na Noite de Reis” (KALANDRAKA).

Rosa Osuna

(Segovia, 1961)

Vive e traballa en Madrid. É licenciada en Belas Artes. Despois de dedicarse durante varios anos ao deseño gráfico, á ilustración publicitaria e á animación, actualmente a súa especialidade é a ilustración infantil. Publicou varios álbums ilustrados dos que tamén é autora, e continúa creando e modelando personaxes en tres dimensións para todo tipo de proxectos. “Avós”, editado por KALANDRAKA, foi o seu primeiro álbum ilustrado; seguíronlle “Non é fácil, pequeno esquío!”, “Un agasallo diferente” e “O fío”.

<http://www.pinterest.com/rosaosuna2>

www.**kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com